



Guía Docente

Datos Identificativos					2023/24
Asignatura (*)	Estancias Clínicas VI	Código	661G01030		
Titulación	Grao en Enfermería				
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Grao	1º cuatrimestre	Cuarto	Obrigatoria	6	
Idioma	CastelánGalego				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos	Ter superadas as Estancias Clínicas I, II, III para poder cursar esta materia				
Departamento					
Coordinación	Sánchez Flores, Paula	Correo electrónico	paula.sanchez.flores		
Profesorado	Sánchez Flores, Paula	Correo electrónico	paula.sanchez.flores		
Web	campusvirtual.udc.gal/				
Descrición xeral	Son Estancias Clínicas que corresponden ó nivel intermedio da aprendizaxe práctico clinica que teñen como finalidade integrar os coñecementos e habilidades adquiridas que lles permitan entender, comprender , diagnósticar e participar no deseño e desenvolvemento dun plan de cuidados nas muller durante o seu ciclo reprodutivo e en diferentes situacións de saúde e desenvolver habilidades de comunicación efectiva coas mulleres, familias e equipo.				

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
A62	Integrar os coñecementos, as habilidades e actitudes da enfermaría para dar a atención ás persoas nas diferentes situacións de saúde, baseados nos principios e valores profesionais, competencias de comunicación asistencial, razoamento clínico, xestión clínica e xuízo crítico asociados ás competencias descritas nos obxectivos xerais e as materias que conforman o título, en forma de rotatorio clínico independente e con avaliación final de competencias; nos Centros de Saúde, Hospitais e outros centros asistenciais.
B1	Aprender a aprender.
B2	Resolver problemas de forma efectiva.
B3	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
B4	Traballar de forma autónoma con iniciativa.
B5	Traballar de forma colaborativa nun equipo interdisciplinar.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B7	Comunicarse de maneira efectiva en un entorno de traballo.
B8	Capacidade de análise e sínteses.
B9	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica.
B10	Capacidade para adaptarse ás situacións novas.
B11	Capacidade e habilidade de xestión da información.
B12	Capacidade para organizar e planificar.
B13	Toma de decisións.
B14	Habilidades interpersonais.
B15	Capacidade para comunicarse con persoas non expertas na materia.
B16	Coñecer e apreciar a diversidade e a multiculturalidade.
B19	Coñecementos de informática relativos ao ambiente de estudio.
B20	Sensibilidade cara a temas medioambientais.
B22	Capacidade para motivarse e motivar a outros.
B24	Fomentar e aplicar os dereitos fundamentais e a igualdade entre homes e mulleres.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.



C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C10	CB2.- Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos a seu traballo ou vocación de unha forma profesional y posúan as competencias que solen demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
C11	CB3.- Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan una reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
C12	CB4.- Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Cooperar co equipo asistencial sanitario e/ou socio-sanitario das unidades de atención á muller (díada nai fillo/a).	A62	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14 B15 B16 B19 B20 B22 B24	C1 C3 C4 C7 C10 C11 C12



<p>Desenvolver estratexias de comunicación efectiva coas mulleres atendidas, os seus familiares e grupos.</p>	A62	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14 B15 B16 B19 B20 B22 B24	C1 C3 C4 C7 C10 C11 C12
<p>Aplicar o proceso de atención de enfermaría integrando os coñecementos dos probelmas de saúde das mulleres (díada nai-fillo/a) nas diferentes etapas do ciclo vital.</p> <p>Colaborar/Executar con habilidade as intervencións de enfermaría garantindo a seguridade.</p>	A62	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14 B15 B16 B19 B20 B22 B24	C1 C3 C4 C7 C10 C11 C12



Actuar segundo os principios éticos e legais que guían a profesión. Cumprir as normas de funcionamento das institucións sanitarias.	A62	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14 B15 B16 B19 B20 B22 B24	C1 C3 C4 C7 C10 C11 C12
---	-----	---	---

Contidos	
Temas	Subtemas
Prácticas clínicas tuteladas, realizadas en unidades de coidado da muller durante o proceso de xestación, parto, posparto ou unidades de coidado relacionadas coa patoloxía obstétrico-xinecolóxica.	

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Prácticas clínicas	A62 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14 B15 B16 B19 B20 B22 B24 C1 C3 C4 C7 C10 C11 C12	120	0	120
Estudo de casos	A62 B24 B19 B16 B15 B13 B12 B11 B10 B9 B8 B7 B6 B4 B3 B2 B1 C1 C3 C4 C7 C10 C11 C12	2	24	26
Lecturas	A62 B24 B22 B19 B16 B12 B11 B10 B9 B8 B4 B3 B1 C1 C3 C4 C7 C10 C11 C12	0	2	2



Actividades iniciais	A62 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14 B15 B16 B19 B20 B22 B24 C1 C3 C4 C7 C10 C11 C12	1	0	1
Atención personalizada		1	0	1
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Prácticas clínicas	<p>Proceso instruccional que ten lugar en institucións sanitarias nas que os estudantes observan e participan nas actividades clínicas, co fin de proporcionarles as oportunidades que supoñan a aplicación de feitos, teorías e principios relacionados coa práctica enfermeira. O proceso de aprendizaxe nesta materia baséase na realización dun rotatorio de prácticas nunha unidade de atención a muller (ou díada nai fillo/a) no proceso de xestación, parto e posparto.</p> <p>Desenvólense no 1º cuatrimestre do cuarto curso e teñen como finalidade capacitar aos estudantes para identificar os problemas de saúde das mulleres (díada nai-fillo/a) e colaborar na planificación, execución e avaliación dos cuidados aplicados a ditas persoas e as súas familias.</p> <p>Os rotatorios clínicos realizaranse no Complexo Hospital Universitario da Coruña-Teresa Herrera ou centro de saúde. As prácticas realizaranse en quendas rotatorias de mañá e tarde.</p>
Estudo de casos	<p>Metodoloxía onde o suxeito se enfrenta ante a descrición dunha situación específica que suscita un problema que ten que ser comprendido, valorado e resolto por un grupo de persoas, a través dun proceso de discusión. O alumno sitúase ante un problema concreto (caso), que lle describe unha situación real da vida profesional, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razoada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo.</p>
Lecturas	<p>Son un conxunto de textos e documentación escrita que se recolleron e editaron como fonte de profundización nos contidos traballados.</p>
Actividades iniciais	<p>Actividades que se leva a cabo antes do inicio das prácticas clínicas no entorno hospitalario. Realízase unha sesión na aula na que se especificarán tódolos aspectos necesarios para o correcto desenvolvemento da materia.</p>

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos Prácticas clínicas	<p>A atención personalizada relacionada coas Prácticas clínicas ten como finalidade atender as consultas dos estudantes relacionadas co seguimento e avaliación dos coñecementos, actitudes, valores e habilidades que o estudante deben acadar. Farase de forma individualizada, ben de xeito presencial, ou a través do correo electrónico.</p> <p>A atención personalizada relacionada co Estudo de Caso ten como finalidade orientar ós estudantes na realización e presentación das situacións clínicas. O seguimento farase de forma individual ou en pequenos grupos, ben de maneira presencial, ou a través do correo electrónico.</p>

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación



Estudo de casos	A62 B24 B19 B16 B15 B13 B12 B11 B10 B9 B8 B7 B6 B4 B3 B2 B1 C1 C3 C4 C7 C10 C11 C12	? Presentación escrita:2 puntos O documento adáptase a todas as normas e estrutura preestablecidas. Os apartados están perfectamente ordenados e compren os requisitos. Excelente redacción. Non hai faltas de ortografía. En todo o texto aprecíase unha utilización excelente do léxico específico. ? Capacidade de síntesis: 1 punto Demuestra unha excelente capacidade para examinar, contrastar e resumir a información. ? Razoamento clínico: 5 puntos Realiza unha recollida completa e sistemática de tódolos datos das necesidades/patróns. Correcta formulación Diagnósticos de enfermería e a selección dos resultados Prioriza correctamente os problemas tendo en conta as prioridades do paciente. Argumenta a selección das intervención e identifica os puntos de vista diferentes , con base á evidencia científica Establece criterios para avaliar a efectividade das intervencións ? Traballo autónomo e aportación personal: 1 punto ? Presentación oral do traballo realizado no Estudo de Caso: 1 punto	50
Prácticas clínicas	A62 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14 B15 B16 B19 B20 B22 B24 C1 C3 C4 C7 C10 C11 C12	Realizarase unha avaliación continuada a través dos criterios ou indicadores establecidos para a valoración das competencias. A asistencia é obrigatoria.	50

Observacións avaliación



A aplicación das porcentaxes na avaliación final para a superación da materia quedará suxeita a que cada unha das metodoloxías que computen na avaliación sexan superadas polo estudante segundo os criterios que se establezan.

Dado que a asistencia ás prácticas clínicas é obrigatoria, as ausencias deberán xustificarse de acordo a normativa xeral do Centro relativa as Estancias Clínicas. Éstas serán recuperadas ó remate dos rotatorios establecidos, e antes da data de peche das actas. As faltas non xustificadas serán valoradas segundo o especificado na normativa xeral do Centro.

As datas e os horarios nos que cada estudante realizará as prácticas clínicas publicarase no campus virtual antes do inicio das mesmas.

Ó finalizar o periodo de prácticas clínicas os estudantes deberán presentar a Memoria segundo se especifica no regulamento de Estadías Clínicas. Avaliación 2ª oportunidade: Dado que a practica clinica e unha actividade presencial, non recuperable, os estudantes so poderán empregar a 2ª oportunidade para recuperar as actividades relativas a estudo de casos.

Adianto de oportunidade e estudantes con matrícula parcial, dado que a practica clínica é unha actividade presencial, non recuperable, non e posible establecer unha avaliación diferente para estes casos.

A cualificación de Matrícula de Honra poderá obtela o alumnado que puntúe alomenos un 9, con preferencia para o alumnado que obtivera máis nota. En caso de igualdade de puntuación e habendo máis aspirantes que matrículas, prevalecerá o alumnado que obtivese máis nota na metodoloxía de práctica clínica.

A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa: o/a estudante será cualificado con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario.

Esta materia ten en conta as recomendacións sobre SOSTIBILIDADE, MEDIO AMBIENTE, PERSOA E IGUALDADE DE XÉNERO para acadar unha contorna inmediata sustentable, ambiental e social. Por todo isto:

- A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia realizarase a través de MOODLE, en formato dixital sen necesidade de imprimilos.
- Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural.
- Débense ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sostibilidade nos comportamentos persoais e profesionais.
- Atendendo ás distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria, nesta materia está incorporada a perspectiva de xénero: usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores de ambos os sexos, propiciarse a intervención nas distintas actividades da materia de alumnas e alumnos.
- Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas, e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.
- Prestarase especial atención en detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para



corrixilas.

- Facilitarase a plena integración do alumnado

que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten

dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida

universitaria.



Fontes de información

Bibliografía básica	<p>· Fernández del Castillo, I. La nueva revolución del nacimiento. El camino hacia un nuevo paradigma. Editorial Ob Stare. 2014. · Fernández del Castillo, I. La revolución del nacimiento. Ediciones Granica, SA. (edición en e-book). 2006. · González, C. Un regalo para toda la vida. Guía de la lactancia materna. Temas de Hoy; 2012. · Torrens Sigalés RM, Martínez Bueno C. Enfermería de la mujer. Madrid: Ediciones DAE grupo Paradigma; 2009. · Liedloff, J. El Concepto del Continuum. Editorial Ob Stare. 4ª ed. 2009 · Claramunt, M.A. Parir sin miedo. El legado de Consuelo Ruiz Vélez-Frías. Editorial Ob Stare. 2009 · Usandizaga JA. Tratado de obstetricia y ginecología. Vol.I. Madrid: McGraw-Hill Interamericana; 2008. · Odent, M. El bebé es un mamífero. Editorial Ob Stare (2ª edic). 2007. · Seguranyes Guillot G. Enfermería Maternal. Barcelona: Masson SA; 2006. · Smulders, B. Parto Seguro. Una guía completa. Ediciones Medici, SA. 2002. · Smulders, B, Croon M. Embarazo seguro. La guía más completa y actual. Ediciones Medici, SA. 2001. · The Boston Women's Health Book Collective. Nuestros cuerpos, nuestras vidas. Plaza & Janes Editores S.A. 2000. · Small, M.F. Nuestros hijos y nosotros. Ediciones B Argentina s.a. 1999. · Calais-Germain, B. El periné femenino y el parto. Anatomía para el movimiento. Editorial La Liebre de Marzo, S.L. 1998. · NANDA International (2021). Diagnósticos Enfermeros: Definiciones y Clasificación: 2021-2023. Madrid: Elsevier. · Moorhead S, Swanson E, Johnson M, Maas ML (2018). Clasificación de resultados de enfermería (NOC). Madrid: Elsevier. · Howard K, Butcher HK, Bulechek GM, Dochterman JM, Wagner CM (2018). Clasificación de Intervenciones de Enfermería (NIC). Madrid: Elsevier. · NANDA International (2011). Razonamiento crítico para alcanzar resultados de salud positivos. Barcelona: Elsevier.</p> <p>Bibliografía complementaria</p>
----------------------------	--

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Anatomía/661G01001

Sistemas da información e comunicación en ciencias da saúde/661G01004

Fundamentos da Enfermería/661G01007

Bases para a interpretación do coñecemento científico/661G01008

Nutrición/661G01009

Farmacoloxía/661G01011

Ética profesional, marco legal e filosofía do coidado/661G01016

Enfermería materno-infantil/661G01018

Fisioloxía/661G01105

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Estancias Clínicas IV/661G01028

Estancias Clínicas VII/661G01031

Materias que continúan o temario

Practicum/661G01032

Observacións

Tendo en conta o especificado

na Memoria do Título, é necesario ter superadas as materias Estadías Clínicas

I, II e III para poder matricularse nesta asignatura.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías